



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE XULLO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. Garcia Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinaria de data 18 de xullo de 2017 e sesión extraordinaria e urxente de data 19 de xullo de 2017**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de xullo de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión (non asistiu dona Elisa Pestonit Barreiros), e están hoxe presentes, aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 19 de xullo de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión (non asistiu dona Elisa Pestonit Barreiros), e están hoxe presentes, aprobou o citado borrador.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## 2º.- Boletíns e correspondencia

- Orde do 11 de xullo de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2017 e 2018 (Diario Oficial de Galicia número 137, do 19 de xullo de 2017).
- Resolución 2017/22931, do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO106: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico-deportivo, durante o ano 2017. Figura como beneficiario o Concello de Cambre co obxecto "contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2017 cun importe de subvención de 15.000 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 135 do día 18 de xullo de 2017).
- Orde do 18 de xullo de 2017, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2017/18 cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 140, do 24 de xullo de 2017).

## 3º.- Expedientes de contratación

### 3.1. Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "*Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)*", incluída no "POS+ 2017". Expediente: 2017/C003/000008

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro de 2016, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", que foron publicadas no BOP núm. 226 do 29 de novembro de 2016.

Por acordo plenario do Concello de Cambre de data 16 de febreiro de 2017, aprobouse o citado Plan, incluíndo nel a obra de "*Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)*", elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, dona María Trillo Abuin, cun orzamento base de licitación de 87.517,96 euros (IVE incluído), aprobándose, así mesmo, o antedito proxecto.

O 14 de febreiro de 2017, con carácter previo á aprobación do citado proxecto, o arquitecto municipal emitiu informe segundo o cal os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, polo que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal, así pois, dende o punto de vista urbanístico considérase viable.



Con data 25 de maio de 2017 efectuouse o replanteo do proxecto, asinado pola redactora do proxecto e polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Consta informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, de data 5 de xullo de 2017, no que dá o seu conforme ao proxecto elaborado externamente.

Tamén consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 7 de xullo de 2017 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 342.62200, por importe de 87.517,96 euros.

Mediante Resolución da presidenta en funcións da Deputación Provincial da Coruña, de data 7 de xullo de 2017, resolveuse declarar definitivamente aprobado o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017". Esta resolución foi recibida no Concello de Cambre o día 10 de xullo de 2017 a través da plataforma Subtel do organismo provincial.

O 20 de xullo de 2017 o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, emite informe no que, entre outros extremos, contén a proposta de criterios a valorar para adxudicar a obra, criterios que se corresponden cos contidos no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deben rexer na contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, publicado no BOP núm. 63, do 5 de abril de 2016, con proposta de aplicación do prezo como único criterio de negociación.

Figuran ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola la secretaria xeral e mailo interventor municipais, de data 20 de xullo actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio de data 21 de xullo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar a obra denominada "*Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)*", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", cun valor estimado de contrato de 86.794,67 euros, e un orzamento total de execución por contrata de 87.517,96 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 171.d) e 177.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), e no artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 1.000.000,00 euros (exp. nº 2017/C003/000008).

**Segundo:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2017/342.62200.

**Terceiro:** Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña con data 30 de decembro de 2015, e corrección de erros materiais do día 30 de marzo de 2016, publicado no BOP nº 63 do 5 de abril de 2016, así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

**Cuarto:** Como criterios para a adxudicación do contrato, segundo consta na cláusula 15.2 e máis no Anexo V.I do prego-tipo, empregaranse os seguintes, isto de conformidade coa proposta formulada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, con data 20 de xullo de 2017:

**“Programa de traballo (Máx. 25 ptos):**

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

- a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.
- b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.
- c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describirase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregárase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Valórase ata 25 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

|   |                         |
|---|-------------------------|
| Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra | Entre 20,01 e 25 Puntos |
| Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra            | Entre 15,01 e 20 Puntos |
| Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado        | Entre 10,01 e 15 Puntos |
| Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente                            | Entre 5,01 e 10 Puntos  |
| Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto               | Entre 0 e 5 Puntos      |



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

### Porcentaxe de control de calidade (Máx. 15 pts):

Comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o .....% (expresado con seis decimais) sobre o orzamento de execución material da obra, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme o previsto na cláusula 29 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.

Valórase ata 15 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

|  |   |            |    |
|--|---|------------|----|
| <b>PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)</b> | Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente  | Non puntúa | se |
| <b>PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)</b> | Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29.<br>Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 puntos X _____% de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais) | Ata puntos | 15 |

### Oferta económica (Máx 60 pts):

Valórase ata 60 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

Tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 20 de xullo de 2017, e segundo establece a cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo da presente licitación, aplicarase como criterio de negociación a oferta económica.

**Quinto:** Designar unha Comisión de Negociación, para os efectos de levar a cabo a negociación que se contempla na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, integrada por:

- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias. En caso de ausencia a técnica do Departamento de Intervención en quen delegue.
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë. En caso de ausencia un técnico de igual ou superior categoría do Departamento de Servizos
- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Contratación, dona Ma<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré. En caso de ausencia unha técnica de igual ou superior categoría do Departamento de Secretaría





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Sétimo:** Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 171.d) do TRLCSP, e publicar un anuncio na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e nun dos diarios de maior tiraxe, isto de conformidade co disposto polos artigos 169, 171 e 178 do TRLCSP, art. 93 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e cláusula 10.A) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña (BOP 05/04/2016), isto á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 200.000,00 euros."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 14 ao 20 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1333/2017 e remata coa resolución da alcaldía número 1386/2017, segundo se relaciona a seguir:

| <b>Nº decreto</b> | <b>Data sinatura</b> | <b>Asunto</b>   |
|-------------------|----------------------|---|
| 1333/2017         | 14/07/2017           | Xuros de mora derivados do retraso no aboamento de facturas de C., S.A.   |
| 1334/2017         | 14/07/2017           | Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de xullo de 2017  |
| 1335/2017         | 14/07/2017           | Concesión axuda lentes correctoras por importe de 200 euros. Solicitante: AZC   |
| 1336/2017         | 14/07/2017           | Renuncia axuda aluguer de JLTO  |
| 1337/2017         | 14/07/2017           | Conceder a licenza de vao permanente para rúa Tapia e Estanque para o acceso ao garaxe da dita comunidade con entrada pola rúa Estanque. Solicitante: comunidade de propietarios. |
| 1338/2017         | 14/07/2017           | Autorización de venda ambulante ocasional nas festas de San Martiño de Andeiro. Solicitante: ARV  |
| 1339/2017         | 14/07/2017           | Concesión de autorizacións para o exercicio da venda ambulante ocasional durante a celebración do GALAICOI.   |
| 1340/2017         | 14/07/2017           | Convocatoria da sesión da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre do día 19 de xullo de 2017  |
| 1341/2017         | 17/07/2017           | Convocatoria da sesión ordinaria das Comisións Informativas   |



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

|           |            |   |
|-----------|------------|---|
|           |            | do día 20 de xullo de 2017  |
| 1342/2017 | 17/07/2017 | Corrección erro Resolución nº 1308 /2017 de data 12/07/2017. No punto segundo se resolve aprobar un importe estimado previsto de gastos directos que se van imputar á subvención acordos co establecido no artigo 9 da convocatoria de axudas de aproximadamente 36.149,79 euros, cando debería figurar o importe de 34.911,79 euros  |
| 1343/2017 | 17/07/2017 | Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P4118)   |
| 1344/2017 | 17/07/2017 | Cierre de parcela sita en Graduill, Cambre sen licenza nin comunicación previa e incumprindo la altura permitida Propiedade: CJC  |
| 1345/2017 | 17/07/2017 | Recurso de reposición contra a resolución de 12 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade de 12 de xuño de 2017 pola que se acorda a minoración de concesión de axuda outorgada ao abeiro da resolución de 1 de setembro de 2016 da mesma secretaría: Subvención "Programa de fomento da conciliación 2016".  |
| 1346/2017 | 17/07/2017 | Expedientes sancionadores de tráfico: DR (P 4124) A12   |
| 1347/2017 | 17/07/2017 | Expedientes sancionadores de tráfico: DIM (P 4140)  |
| 1348/2017 | 17/07/2017 | Concesión de prazo para emenda documentación sobre "A" no procedemento negociado sen publicidade para contratación da obra "Proxecto modificado nº 1: Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012", incluída no POS Adicional 1/2013, da Excma. Deputación Provincial da Coruña |
| 1349/2017 | 17/07/2017 | Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 25.932,64 euros  |
| 1350/2017 | 18/07/2017 | Celebración voda civil de ELRG e MIAS o 4 de agosto de 2017 ás 13:00 horas  |
| 1351/2017 | 18/07/2017 | Expediente sancionador por cierre de parcela sita en Graduill, Cambre sen licenza nin comunicación previa e incumprindo a altura permitida  |
| 1352/2017 | 18/07/2017 | Expediente de disciplina urbanística 2014/I002/000105 pola construción dun peche sen licenza municipal en finca sita en Peirao, Bribes  |
| 1353/2017 | 18/07/2017 | Expediente sancionador 2016/I001/000040 por presunta infracción á Ordenanza municipal da posesión de animais domésticos   |
| 1354/2017 | 18/07/2017 | Expediente sancionador 2017/I001/000001 por presunta infracción á Ordenanza municipal reguladora da tenencia de animais domésticos  |
| 1355/2017 | 18/07/2017 | Expediente de orde de execución 2015/I002/000169 por estado de finca sita en Anceis, Cambre   |
| 1356/2017 | 18/07/2017 | Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 83.970,30 euros  |



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

|           |            |   |
|-----------|------------|---|
| 1357/2017 | 18/07/2017 | Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 56.056,11 euros   |
| 1358/2017 | 18/07/2017 | Autorización do uso da flexibilización horaria nos postos de secretaria xeral e xefe da área de urbanismo e réxime interior   |
| 1359/2017 | 18/07/2017 | Troco domicilio de oficio de AGB, LCF e a menor LGC   |
| 1360/2017 | 18/07/2017 | Expediente sancionador por incumplimento de horario de peche de local Kamila sito en rúa Párroco M. Cobas, O Temple. Propiedade: GVD  |
| 1361/2017 | 18/07/2017 | Expediente de disciplina urbanística por realización de obras de reforma e ampliación de vivenda en finca sita na Patiña, Cela, Cambre sen licenza nin solicitude. Propiedade: JLBS   |
| 1362/2017 | 18/07/2017 | Expediente sancionador 2016/I001/000059 por realización de obras de reforma e ampliación de vivenda e construción de muro sen licenza municipal en finca sita na Patiña, Cela   |
| 1363/2017 | 18/07/2017 | Licenza para a segregación de finca de 8.733 m <sup>2</sup> sita na Gándara unha parcela de 4.188 m <sup>2</sup>  |
| 1364/2017 | 18/07/2017 | Convocatoria sesión extraordinaria e urxente do 19 de xullo de 2017   |
| 1365/2017 | 19/07/2017 | Denegación axuda aluguer por non cumprirse os compromisos do proxecto de intervención. Solicitante: MTT   |
| 1366/2017 | 19/07/2017 | Expedientes sancionadores de tráfico: DR (p 4143) MASIVO  |
| 1367/2017 | 19/07/2017 | Aprobar a lista admitidos actividades xuvenis mes de xuño   |
| 1368/2017 | 19/07/2017 | Atribución con carácter temporal das competencias delegadas na concelleira delegada da área de Servizos dona Elisa Pestonit Barreiros no concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente don Juan González Leirós                               |
| 1369/2017 | 19/07/2017 | Aprobar as liquidacións do prezo público correspondente ao programa "Campamento Urbano de Verán 2017-1ª quincena" e que se corresponden un importe total de 5.715,00 euros (4.883,00 euros relativos ás actividades e 832,00 euros relativos ás taxas do comedor) |
| 1370/2017 | 20/07/2017 | Denegación axuda de alimentación, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: BMM   |
| 1371/2017 | 20/07/2017 | Denegación axuda alimentación dado que segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, o saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza. Solicitante: JANV  |
| 1372/2017 | 20/07/2017 | Denegación axuda de alimentación dado que segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: HMHO   |
| 1373/2017 | 20/07/2017 | Concesión axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: KVMF   |
| 1374/2017 | 20/07/2017 | Denegación axuda de alimentación dado que segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo  |





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

|           |            |   |
|-----------|------------|---|
|           |            | 2, o saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza. Solicitante: JLTO  |
| 1375/2017 | 20/07/2017 | Concesión axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JSAA   |
| 1376/2017 | 20/07/2017 | Concesión axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ABCB   |
| 1377/2017 | 20/07/2017 | Nomeamento auxiliar interino por substitución da titular  |
| 1378/2017 | 20/07/2017 | Denegación axuda lentes correctoras por non constituir unha solución axeitada. Solicitante: GGB   |
| 1379/2017 | 20/07/2017 | Denegación axuda recibo luz por non residir neste enderezo. Solicitante: SAV  |
| 1380/2017 | 20/07/2017 | Denegación recibo de auga por non residir o solicitante nese enderezo. Solicitante: CCC   |
| 1381/2017 | 20/07/2017 | Conceder a licenza para a ocupación de 30 m <sup>2</sup> da via pública cunha terraza durante o ano 2017 cunha ampliación de 10 m <sup>2</sup> durante os meses de xuño, xullo e agosto, fronte ao cafe-bar Matrioska sito na rúa Rio Brexa, A Barcala, Cambre. Solicitante: VC |
| 1382/2017 | 20/07/2017 | Expediente de orde de execución 2015/I002/000061 por estado de finca sita en Frais, Cecebre   |
| 1383/2017 | 20/07/2017 | Torneo municipal de chave 2016. Aprobación das gratificacións aos clubs de chave  |
| 1384/2017 | 20/07/2017 | Pagamento nómina mes de xullo por un importe bruto de 325.157,66 euros  |
| 1385/2017 | 20/07/2017 | Aprobación conta xustificativa anticipo de caixa fixa núm. 1/2017 Servizos sociais, correspondente ao período comprendido do trinta de decembro de dous mil dezaseis a trinta e un de marzo de dous mil dezasete, e recoñecer obrigas por importe de 11.527,20 euros            |
| 1386/2017 | 20/07/2017 | Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 15.662,30 euros  |

## 5º.- Informes doutros asuntos de área

### Informes da alcaldía

Dende a concellería de Movemento Asociativo:

- Estivo, xunto co señor alcalde e toda a Corporación no acto institucional en memoria e homenaxe das vítimas da ditadura en Cambre.



- O xoves “ despois das comisións “ estivo en ASCEGA xunto coa concelleira de Promoción Económica na última xornada de NETWORKING con empresarios, avogados e autónomos .
- O sábado entregou os agasallos no XIX Festival de Polifonía e Habaneras ao non poder asistir o concelleiro de Cultura Dani Carballada.
- O luns invítáronlle a procesión que saíu da igrexa de Anceis co santo Santiago en tractor recollendo á Virxe de Lourdes en Altamira e no pazo dos Condes de Anceis foron recoller a San Benito.
- Trasládouse ao Centro de Formación do Espiritu Santo para entregar o material para a festa de San Benito.
- O sábado asistiu ao evento que fixo “ Arela “ diante o Eroski.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 18 de xullo mantivo unha reunión ás 11:00 horas con don Juan Farina do grupo LINCE co fin de presentar a oferta de cursos que realizan para activos e estudar a posibilidade de realizar algún tipo de colaboración.
- O día 19 de xullo ás 20:00 horas asistiu na casa da cultura Villa Concepción ao acto institucional en memoria e homenaxe das vítimas da ditadura de Cambre.
- O día 19 ás 21:00 horas asistiu á apertura do restaurante “Casa Roxeiro” no Paseo Marítimo nº 24 do Temple.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Xestións previas para o uso de paredes grafiti: actividade “Cromática”. Mural fest-Cambre”
- O campamento de maiores está en marcha e sen novidade. Saíron o día 21 de xullo e regresan o día 29.
- Aberto o prazo de inscrición para a alternativa do campamento dos pequenos (campus multideportivo).

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade**

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta do seguinte asunto:

- Mércores 19 xullo asistiu ao acto institucional en memoria e homenaxe das vítimas da ditadura en Cambre.



Dentro do servizo de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- Mércores 19 xullo asistiu ao acto institucional en memoria e homenaxe das vítimas da ditadura en Cambre.
- Sábado 22 xullo asistiu ás xornadas de iniciación ao fútbol gaélico organizadas pola Concellaría de Deporte no campo de fútbol municipal Dani Mallo.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Suspensión do prazo de execución do contrato adxudicado á empresa “Oficina de Planeamiento, S.A.” no importe de 27.830,00 euros IVE incluído para a redacción da modificación puntual das Normas Subsidiarias de planeamento no ámbito da N-VI, e cumprimento da primeira fase de execución e primeira fase de aboamento. Exp. 2016/C004/000005
- Adxudicación á empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” polo importe ofertado de 27.086,84 euros , IVE incluído, da obra denominada “Reordenación aparcadoiros no entorno das rúas Eduardo Blanco Amor e Temple”. Expte.: 2017/C002/000032
- Contratación da obra “Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”. Expediente 2017/C003/000004
- Adxudicación, á entidade “Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L.”, no importe de 14.792,25 euros IVE incluído, do contrato menor para a realización da contratación artística e produción do *concerto dos cantautores Paco Ibáñez e Miro Casabella*, o sábado 29 de xullo no Concello de Cambre. Expediente: 2017/C002/000029
- Adxudicación á empresa “Demoliciones Noroeste, S.L.”, no importe ofertado de 14.338,50 euros IVE incluído, da obra denominada “Demolición de dúas edificacións compostas por planta baixa e planta alta, e anexos na estrada Cambre – Temple, nº 12 e 14. Cambre”. Expediente 2017/C002/000031

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Suspensión do prazo de execución do contrato adxudicado á empresa “Oficina de Planeamiento, S.A.” no importe de 27.830,00 euros IVE incluído para a redacción da modificación puntual das Normas Subsidiarias de planeamento no ámbito da N-VI, e cumprimento da primeira fase de execución e primeira fase de aboamento. Exp. 2016/C004/000005**



Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 24 de xaneiro de 2017, e previa tramitación do expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade nº 2016/C004/000005, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adxudicou a prestación do servizo de redacción da modificación puntual das Normas Subsidiarias de planeamento no ámbito da N-VI á empresa “Oficina de Planeamiento, S.A. (OPSA)” no importe de 27.830,00 euros IVE incluído, asinándose o correspondente contrato con data do 13 de febreiro de 2017.

No antedito contrato, na súa cláusula cuarta, e cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese que “Os prazos de execución dos traballos obxecto do contrato, por parte do adxudicatario, estímanse nun total de dez meses repartidos da seguinte forma:

- Redacción do borrador do plan e documento ambiental estratéxico ... **4 meses**, contados desde o día seguinte á firma do contrato

- Redacción do documento de modificación puntual .....**2 meses**, contados desde o día seguinte ao da notificación, ao equipo redactor, do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, formulado polo órgano ambiental autonómico.

- Estudio e contestación de alegacións e informes sectoriais.....**1 mes**, contado a partir do día seguinte a aquel no que concluíra o trámite de información pública e se lle faga entrega ao equipo redactor, do conxunto de alegacións presentadas durante o mesmo

- Redacción do documento de aprobación provisional:..... **2 meses**, contados desde o día seguinte ao da notificación ao equipo redactor da declaración ambiental estratéxica formulada polo órgano ambiental autonómico

- Redacción de documento de aprobación definitiva .....**1 mes**, contado desde o día seguinte ao da notificación ao equipo redactor da resolución adoptada pola consellería competente, si ésta relacionara deficiencias a reparar.”

Así mesmo, nas cláusulas quinta do contrato e cláusula 23 do prego administrativo, establécese que o pagamento efectuarase previa presentación de factura pola entidade adxudicataria, determinándose as seguintes fases :

- Remisión ao órgano substantivo do borrador do plan e documento ambiental estratéxico: ..... 50 %

- Redacción do documento de modificación puntual: .... 25 %

- Estudo e contestación de alegacións e informes sectoriais: ... 10 %

- Redacción de documento aprobación provisional: .... 10 %

- Redacción de documento aprobación definitiva .... 5 %



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Con data do 29 de xuño de 2017 asínase na plataforma TedEc informe polo arquitecto municipal don José Agustín Barca Cotelo, (quen foi designado responsable do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local do día 24/01/17), no que comunica a presentación pola empresa adxudicataria, con data do 21 de xuño e nº de rexistro auxliar de urbanismo 4/1058, do documento ambiental estratéxico e borrador do plan especial para a tramitación da avaliación ambiental, (o que constitúe a primeira das fases de execución dos traballos descritas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas) e propón a interrupción dos prazos de execución do contrato e o abono do 50 % do prezo do contrato, por un importe de 13.915,00 euros IVE incluído.

Consta no expediente que con data do 27 de xuño de 2017, foi remitida solicitude de inicio de avaliación ambiental á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, onde foi recibida con data do 6 de xullo de 2017.

Con data do 21 de xullo de 2017, emítase informe pola técnica de xestión de Administración xeral, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data do 24 de xullo de 2017

Por todo o exposto, tendo en conta o establecido polos artigos 22.1.d) e 80 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 220 e Disposición Final Terceira punto 1 do RD Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro** : Acordar a suspensión do prazo máximo de execución de dez meses previsto nas cláusulas cuarta do contrato asinado con data do 13 de febreiro de 2017, e máis na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares, así como no prego de prescricións técnicas que rexeen no presente expediente, para o contrato adxudicado á empresa "Oficina de Planeamiento, S.A. (OPSA)" no importe de 27.830,00 euros IVE incluído, para a prestación do servizo de redacción da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento no ámbito da N-VI, (Exp. 2016/C004/000005), polo tempo que medie entre a data na que consta recibida telemáticamente no Sistema de Interconexión de Rexistros a solicitude do informe da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, sendo esta data o 6 de xullo de 2017, (envío efectuado polo Concello de Cambre con data do 27/06/2017, nº 201790000000171), e a recepción do informe que emita o órgano autonómico no Concello de Cambre, data esta última que deberá ser comunicada á empresa adxudicataria.

**Segundo** : Declarar que a presentación pola empresa adxudicataria, con data do 21 de xuño e nº de rexistro auxliar de urbanismo 4/1058, do documento ambiental estratéxico e borrador do plan especial para a tramitación da avaliación ambiental constitúe o cumprimento da primeira das fases de execución dos traballos descritas tanto na cláusula cuarta do contrato asinado como na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares, así como no de prescricións técnicas, e que a remisión con data do 27 de xuño de 2017, da solicitude de inicio de avaliación





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

ambiental á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio leva consigo o aboamento á empresa adxudicataria do 50 % do prezo do contrato, por un importe de 13.915,00 euros IVE incluído, isto segundo a cláusula quinta do contrato, cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares, e prego de prescricións técnicas regulador do contrato.

**Terceiro** : Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 112 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas .

**Cuarto** : Dar traslado aos Departamentos de Intervención, Urbanismo (responsable do contrato), e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Adxudicación á empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” polo importe ofertado de 27.086,84 euros , IVE incluído, da obra denominada “Reordenación aparcadoiros no entorno das rúas Eduardo Blanco Amor e Temple”. Expte.: 2017/C002/000032**

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“A concellería de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente ten intención de realizar a obra denominada “Reordenación aparcadoiros no entorno das rúas Eduardo Blanco Amor e Temple” coa finalidade de mellorar a seguridade dos transeúntes e dos condutores.

Para dar cumprimento a esta finalidade, elabórase por parte da enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë unha relación valorada das unidades de obra necesarias para a execución da obra denominada “Reordenación aparcadoiros no entorno das rúas Eduardo Blanco Amor e Temple”, e que ten un importe de execución por contrata de 29.700,48 € IVE incluído, (prezo sen IVE : 24.545,85 euros).

Existe crédito dabondo na aplicación orzamentaria 151/61900 , para facer fronte aos gastos derivados desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido polo Departamento de Intervención Municipal con data do 20 de xullo actual.

Con data 18 de xullo de 2017, remitíronse invitacións, mediante correo electrónico, para participar na presente licitación, a tres licitadores, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, (Construcciones Leonardo Miguelez, S.L., Construcciones Ponciano Nieto, S.L., e Lires-Cons, S.L.), quedando no expediente a acreditación da recepción das invitacións enviadas. Todos os citados anteriormente, presentaron oferta, que constan rexistradas no expediente.

Con data do 21 de xullo de 2017 emitíuse proposta de adxudicación pola enxeira técnica de obras públicas municipal, a prol da entidade “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, por ser a que maior puntuación obtén na valoración do criterio de adxudicación factor prezo, único valorable no



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

presente procedemento, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución do contrato no importe total de 27.086,84 euros, IVE incluído.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000,00 euros, e nos contratos de subministracións os de importe inferior a 18.000,00 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 21 de xullo actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2017/C002/000032.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, data 24 de xullo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a proposta para a contratación menor da obra denominada “reordenación aparcadoiros no entorno das rúas Eduardo Blanco Amor e Temple”, así como a relación valorada elaborada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, por un importe de execución por contrata de 29.700,48 € IVE incluído, (prezo sen IVE : 24.545,85 euros).

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 151/61900 Outros investimentos reposición infraestruturas urbanismo.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2017/C002/000032, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**Cuarto:** Admitir na licitación ás tres entidades invitadas e que presentaron oferta, sendo estas: CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L., CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. , e LIRES-CONS, S.L.

**Quinto:** Adxudicar o contrato menor, no prezo ofertado de 27.086,84 euros, IVE incluído, á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L., con NIF: B-15293145 e domicilio en r/ Agra dos Cregos, 28, baixo-15850-Zas (A Coruña), por ser o licitador que propón a oferta máis baixa , sendo o único criterio valorable no presente procedemento o factor prezo, ao realizar a oferta economicamente máis baixa, sen atoparse incrsa en presunción de desproporción ou temeridade, segundo informe da enxeñeira técnica de obras Públicas municipal de data 21 de xullo actual.



A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

| Empresas licitadoras                        |
|---|
| 1º.- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.    |
| 2º.- Construcciones Leonardo Miguelez, S.L. |
| 3º.- Lires-Cons, S.L.                       |

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

**Sétimo:** Designarase como directora da obra e responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notifíquese aos licitadores participantes, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno :** Notificar ao Departamento de Intervención, , e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**C) Contratación da obra “Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”. Expediente 2017/C003/000004**

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro de 2016, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, que foron publicadas no BOP núm. 226 do 29 de novembro de 2016.

Por acordo plenario do Concello de Cambre de data 16 de febreiro de 2017, aprobouse o citado Plan, incluíndo nel a obra de “Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros”, aprobándose, así mesmo, o correspondente proxecto, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento base de licitación de 221.951,61 euros (IVE incluído).

O proxecto conta coas preceptivas autorizacións:

- da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Xefatura Territorial da Coruña - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), rexistrada de entrada ao núm. 0/2811 o 30 de marzo de 2017
- da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (Ministerio de Fomento), rexistrada de entrada ao núm. 0/3760 o 5 de maio de 2017
- do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña, rexistrada de entrada ao núm. 0/3942 o día 11 de maio de 2017

Tralo requirimento efectuado, con data 4 de abril de 2017, pola Deputación Provincial, modificáronse varias cuestións técnicas do proxecto, que non afectaban á natureza e finalidade dos investimentos a realizar, nin á súa valoración económica, modificacións que foron informadas favorablemente polo servizo de asistencia técnica a municipios, polo que se ditou a Resolución de Alcaldía núm. 767/2017, do 5 de maio, na que se resolveu, entre outros:

**“Segundo:** Aprobar o proxecto “Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros”, supervisado polo servizo de asistencia técnica a municipios da Excm. Deputación Provincial da Coruña e incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), POS+ 2017.”

Esta resolución foi ratificada polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 25 de maio de 2017.

Con data 25 de maio de 2017 efectuouse o replanteo do proxecto, asinado pola redactora do proxecto, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 7 de xullo de 2017 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 1532.61900, por importe de 221.951,61 euros.

Mediante Resolución da presidenta en funcións da Deputación Provincial da Coruña, de data 7 de xullo de 2017, resolveuse declarar definitivamente aprobado o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017". Esta resolución foi recibida no Concello de Cambre o día 10 de xullo de 2017 a través da plataforma Subtel do organismo provincial.

O 21 de xullo de 2017 o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, emite informe no que, entre outros extremos, e tendo en conta que o valor estimado do contrato supera os 200.000 euros, propón como procedemento de contratación a empregar o procedemento aberto, cun único criterio a valorar (o factor prezo), isto debido a que se trata dunha obra sen demasiada complexidade técnica, facendo uso do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deben rexer na contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais, publicado no BOP núm. 3, do 7 de xaneiro de 2016.

Figuran ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola la secretaria xeral e mailo interventor municipais, de data 24 de xullo actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio de data 24 de xullo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), para adxudicar a obra denominada "*Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e outros*", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", cun valor estimado de contrato de 220.117,30 euros (base imponible, 183.431,08 € + 10% modificación do contrato, 18.343,11 € + 10% certificación final, 18.343,11 €), e un orzamento total de execución por contrata de 221.951,61 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos artigos 138 e 142 a 161 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), e no artigo 324 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (exp. nº 2017/C003/000004).

**Segundo:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2017/1532.61900.

**Terceiro:** Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excma.





Deputación Provincial da Coruña o 30 de decembro de 2015, e publicado no BOP nº 3 do 7 de xaneiro de 2016, así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego, isto de conformidade co informe do xefe da Sección de Servizos, de data 21 de xullo actual, que propón empregar como único criterio o factor prezo, por tratarse dunha obra sen demasiada complexidade técnica, consistente esencialmente na renovación de firmes.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Quinto:** Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), e publicar o correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, no Perfil de Contratante e Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 142 e 53 do TRLCSP, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe da Comunidade Autónoma de Galicia, isto de conformidade co disposto na cláusula 10.1.a) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña (BOE nº 07/01/2016)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Adxudicación, á entidade "Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L.", no importe de 14.792,25 euros IVE incluído, do contrato menor para a realización da contratación artística e produción do concerto dos cantautores Paco Ibáñez e Miro Casabella, o sábado 29 de xullo no Concello de Cambre. Expediente: 2017/C002/000029**

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"A dinamizadora cultural municipal propón, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, e máis do concelleiro - delegado de Cultura, Deportes e Mobilidade, con data do 6 de xullo de 2017, a contratación externa da contratación artística e produción do concerto dos cantautores Paco Ibáñez e Miro Casabella, a realizar o sábado 29 de xullo no Parque da Igrexa do Concello de Cambre, achegando á proposta as prescricións técnicas, por un importe máximo de 12.628,00 euros máis 2.651,88 euros do 21% de IVE, que supón un total de 15.279,88 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2017.334.22612 "Certames e festivais".

Para esta finalidade, solicitáronse presupostos a tres licitadores capacitados para a execución do contrato, que constan no expediente, formulándose proposta de adxudicación pola mesma funcionaria coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativa, con data do 21 de xullo de 2017, á prol da empresa Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L. co CIF B36932309 e domicilio na rúa Alcalde Lens, 23 baixo, 15010 A Coruña, por ser o licitador que presentou a única oferta que reúne todos os requisitos establecidos no prego de prescricións



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

técnicas, comprometéndose á realización do contrato polo importe de 12.225,00 euros máis o 21 % IVE que totalizan 14.792,25 € .

O licitador don Adrián López Becerra (Somda Audiovisual) non presentou oferta. O licitador don Jose Luís Torrado Rodríguez (I&S Producciones) presentou unha oferta que excede do orzamento máximo de licitación establecido para este procedemento.

A Intervención Municipal emitiu informe de retención de crédito de data 10 de xullo de 2017.

Tendo en conta que os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos distintos aos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000 euros , que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 21 de xullo actual, e incoado expediente de contratación nº TEDeC 2017/C002/000029.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade, data 24 de xullo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a proposta formulada pola dinamizadora cultural municipal coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, e máis do concelleiro-delegado de Cultura, Deportes e Mobilidade, con data do 6 de xullo de 2017, para a incoación de expediente de “Contratación artística e produción do concerto dos cantautores Paco Ibáñez e Miro Casabella” a realizar o sábado 29 de xullo de 2017 no Parque da Igrexa do Concello de Cambre, por un importe máximo de 12.628,00 euros, máis 2.651,88 euros do 21% de IVE, que supón un total de 15.279,88 euros de execución por contrata, así como aprobar as prescricións técnicas que se incorporan como parte integrante da antedita proposta.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2017.334.22612 “Certames e festivais”

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expte nº 2017/C002/000029 , isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por canto o importe do contrato é inferior a 18.000,00 euros.

**Cuarto:** Rexeitar a oferta presentada polo licitador don José Luis Torrado Rodríguez, (I & S Producciones), por exceder do presuposto base de licitación establecido, que era de 15.279,88



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

euros IVE incluído, sendo a oferta presentada polo antedito licitador de 19.208,75 euros IVE incluído, polo que resulta de aplicación o establecido no artigo 84 do Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas aprobado por RD 1098/2001 do 12 de outubro, segundo o cal *"Si algunha proposición...excedese do presuposto base de licitación...será rexeitada pola mesa, en resolución motivada"*

**Quinto :** Adxudicar o contrato no prezo ofertado de 12.225,00 euros máis o 21 % IVE que totalizan 14.792,25 €, á prol da empresa "Galicia Vella de Inversiones y Logística S.L." co CIF B-36932309 e domicilio na rúa Alcalde Lens, 23 baixo, 15010 A Coruña, por ser o licitador que presentou a única oferta que reúne todos os requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas que rexe no presente expediente.

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

**Sétimo:** Desígnase como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notifíquense os presentes acordos aos licitadores participantes, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente

**Noveno:** Notifíquese ao Departamento de Intervención, ao responsable do contrato e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E) Adxudicación á empresa “Demoliciones Noroeste, S.L.”, no importe ofertado de 14.338,50 euros IVE incluído, da obra denominada “Demolición de dúas edificacións compostas por planta baixa e planta alta, e anexos na estrada Cambre – Temple, nº 12 e 14. Cambre”. Expediente 2017/C002/000031**

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de xullo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Coa data do 17 de xullo de 2017 elabórase, polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, un proxecto para execución da obra denominada “Demolición de dúas edificacións compostas por planta baixa e planta alta, e anexos na estrada Cambre – Temple, nº 12 e 14. Cambre”, cun importe de execución por contrata de 15.858,36 euros IVE incluído.

A actuación proposta consiste, tanto na execución subsidiaria da demolición de dúas edificacións adosadas situadas nos números 12 e 14 da estrada Cambre-Amorne (AC-214), segundo as resolucións 1237 e 1238 do 28 de xuño de 2017, do Concelleiro delegado de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente; como na demolición das edificacións existentes nas devanditas parcelas que, sen estar declaradas en ruína, resultan expropiadas segundo o decreto 1326 de data 13/07/2017.

Segundo informe emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 13 de xullo actual, a obra se atopa no ámbito de afección da estrada AC-214, polo que precisa da autorización previa da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, administración titular da estrada, segundo o establecido na “Lei 8/2013 de estradas de Galicia”, autorización que foi recibida con data 20/01/2017 e nº de rexistro de entrada 4/108 .

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito con data 24 de xullo de 2017.

Remitíronse invitacións con data 17 de xullo de 2017, para participar na presente licitación ás seguintes empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, e quedando no expediente acreditación da recepción das invitacións enviadas a:

Altruanis Excavación y Demolición, S.L.  
Alvac, S.A.  
Demoliciones Noroeste, S.L.  
Javier Ares Demolición y Reciclaje  
Construcciones Navila, S.L.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, presentáronse proposicións por catro dos licitadores invitados, non formulando oferta a entidade “Altruanis Excavación y Demolición”.

Con data do 24 de xullo de 2017 o arquitecto municipal emite informe-proposta de adxudicación a prol da entidade “Demoliciones Noroeste, S.L.”, no importe ofertado de 14.338,50 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do criterio de adxudicación



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

factor prezo, único aplicable no presente procedemento, e sen atoparse incurso en presunción de desproporción ou temeridade.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 24 de xullo actual, e incoado expediente de contratación nº 2017/C002/000031.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 24 de xullo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a proposta formulada polo arquitecto municipal de data do 14 de xullo de 2017, para a contratación da obra denominada “Demolición de dúas edificacións compostas por planta baixa e planta alta, e anexos na estrada Cambre – Temple, nº 12 e 14. Cambre”, así como o proxecto elaborado polo arquitecto municipal, por un importe máximo de execución por contrata de 15.858,36 €, IVE incluído.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria “2017/151/21000 Mantemento Infraestruturas Urbanismo”, sendo o importe a asumir polo Concello de Cambre de 1.840,50 euros, toda vez que o importe de 14.017,86 euros restante, correspondente á parte da obra que consiste na demolición de edificacións en situación de ruína, será executada polo concello de forma subsidiaria.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expte 2017/C002/000031, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**Cuarto:** Admitir na licitación aos catro licitadores invitados e que presentaron oferta, sendo estes: “Alvac, S.A.”, “Demoliciones Noroeste, S.L.”, “Javier Ares Demolición y Reciclaje”, e “Construcciones Navila, S.L.”

**Quinto:** Adjudicar a obra no prezo ofertado de 14.338,50 euros (IVE incluído), á empresa “Demoliciones Noroeste, S.L.” (DEMOLNOR), con CIF B-70258835 domicilio na Avda, da Revolta, nº 9, C.P. 15100, Carballo (A Coruña) por ser o licitador que propón a oferta máis baixa, sendo o único criterio valorable no presente procedemento o factor prezo, ao realizar a oferta economicamente máis baixa, sen atoparse incurso en presunción de desproporción ou temeridade, segundo informe do arquitecto municipal de data 24 de xullo actual.





A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

| Empresas licitadoras                    |
|---|
| 1º.- Demoliciones Noroeste, S.L.        |
| 2º.- Construcciones Navila, S.L.        |
| 3º.- Alvac, S.A.                        |
| 4º.- Javier Ares Demolición y Reciclaje |

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

**Sétimo:** Designarase como director da obra e responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen lle corresponderá supervisar a execución da obra, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notifíquese aos licitadores participantes, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno :** Notificar ao Departamento de Intervención, ao responsable do contrato, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia